

ENTREVISTA José Peña Castiñeira, director dos Cursos de Saúde Ambiental

“O medioambiente é unha tarefa de todos e é preciso destinar máis recursos”

Francisco Peña foi o director da 53ª edición dos Cursos de Saúde Ambiental, que tivo lugar en Palas de Rei. Ata o momento dirixiu máis de 150 proxectos de carácter ambiental en Galicia, ten 70 libros publicados, 185 publicacións científicas e 70 artigos de divulgación, 9 premios de investigación científica, 25 distincións e

galardóns entre os que cabe destacar o recoñecemento da OMS pola súa valiosa aportación ó proxecto europeo “Healthy Cities”. Recentemente acaban de concederlle o Premio Cumbres del Suido de Investigación Científica e Técnica pola súa contribución ao medioambiente, compromiso con Galicia e traxectoria exemplarizante.

- O Curso de Saúde Ambiental tivo moi boa acollida, ata tiveron que ampliar dez prazas máis previstas...

- A verdade é que si, cubriéronse todas as prazas ofertadas e houbo que ampliar coa finalidade de poder aceptar todas as peticións que se recibiron na Secretaría Técnica. O curso tivo moi boa acollida e moito éxito de participación, non só de persoas da Comarca da Ulloa senon que tamén se achegaron persoas dos municipios limítrofes da provincia de Lugo, por parte de colectivos e axentes sociais moi diversos, e doutros lugares máis lonxanos das provincias de A Coruña e Pontevedra. Nese sentido estamos moi satisfeitos, xa que o que se pretende con esta iniciativa é promover a participación activa e traballar polo medioambiente na dirección adecuada.

- Este curso enmárcase dentro do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2014, esta é unha iniciativa pioneira en España, en que consiste?

- Esta iniciativa puxose en marcha no ano 2000, contou cos parabens da OMS e nestes últimos 14 anos itinerou por 53 capitais de comarca e cidades de Galicia, cunha participación de máis de 5.000 ambientalistas e sumáronse a esta iniciativa 260 concellos galegos, asturianos, leoneses e portugueses. Esta é unha iniciativa aberta, plural e integradora que non entende de cores políticas nin de localismos nin de intereses económicos. Esta iniciativa ten por obxecto estudar a situación da problemática ambiental dos concellos galegos e as súas posibles solucións. É unha iniciativa de servizo público que pretende levar a formación a todas partes como instrumento de servizo a sociedade. Aquí só ten cabida o traballo feito con rigor e profesionalidade coa finalidade de axudar a que Galicia medre de maneira saudable e sostible e facer posible que as xeracións futuras teñan un mellor mediambiente.



O Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira foi o director do curso de Palas

Cabe destacar o poder de convocatoria desta iniciativa, que se convertiu nun referente da formación ambiental en Galicia nos últimos anos. É moi solicitada pola xente das comarcas no seu ámbito de actuación, xa que poden achegarse á realidade da súa problemática da zona, debatir sobre os problemas ambientais máis importantes que teñen e as posibles solucións, ademais de poñer en valor o seu patrimonio natural. Só coñecendo o teu redor poderás diagnosticar os problemas e a partir de ahí intentar mancomunar esforzos e formular estratexias conxuntas por parte dos axentes sociais fundamentalmente os propios concellos para intentar solucionarlos, xa que xuntos podemos e máis en estamos tempos de crisis e de recortes con recursos limitados polo que é preciso aunar esforzos e traballar xuntos.

O medioambiente non entende de localismos nin de límites xeográficos nin de ideoloxías políticas nin de intereses económicos, etc. O medioambiente é unha tarefa de todos, non só das administracións, si ben é preciso destinar máis recursos para afrontar os problemas ambientais.

O curso de Palas de Rei, abriu as

súas portas a todos os que quixeron vir e aproveitar este foro de debate ambiental e oportunidade formativa de privilexio. Palas de Rei convertiuse nun punto de encontro dun centenar de ambientalistas, entre relatores, congresistas, autoridades e medios de comunicación, que pasaron pola sede do curso, o Centro Comarcal A Ulloa.

- Cales foron os temas que se trataron no Curso de Saúde Ambiental de Palas de Rei?

- Fundamentalmente tratáronse temas de interese actual coa finalidade de dar resposta á problemática que hoxe teñen os concellos da comarca da Ulloa e concellos limítrofes. Apostamos por un modelo enerxético sostible para loitar contra o cambio climático.

Púxose en valor a necesidade de coidar o recurso da auga, evitando os vertidos e insistindo na necesidade imperiosa de depurar, destacando a necesidade dun mantemento das mesmas e un maior control por parte da administración. Así mesmo, destacou a importancia dunha xestión integral dos residuos, impulsando a recollida selectiva, a reciclaxe e a reutilización ademais da

valorización enerxética, etc. Tamén se falou sobre a importancia de poñer en valor o emprendemento empresarial cara ao desenvolvemento sostible da zona, como o agroturismo e a castañicultura, xa que participaron empresas comarcais como Arqueixal de Palas de Rei ou Alibós de Monterroso. Foron proxectos interesantes de empresas comprometidas co medio ambiente. Intentouse propiciar o maior nivel de compromiso posible co medio-ambiente dos concellos, empresas, centros educativos, asociacións, etc. da zona.

No transcurso do curso tamén se realizaron unhas visitas prácticas moi interesantes ós lugares máis emblemáticos do patrimonio natural da comarca, así como tamén á ETAP e EDAR municipais de Palas de Rei, que son necesarias para xestionar as augas da localidade palense.

- Que balance se pode facer da posta en marcha desta iniciativa en Galicia?

- O balance é moi positivo. É unha experiencia única pioneira en España, recoñecida e valorada fora de nosas fronteiras. Teño que dicir que o nivel de satisfacción dos participantes, en xeral, sempre foi moi alto, moitos deles repiten e están fidelizados. A labor realizada en Galicia por esta iniciativa está recollida no portal web corporativo www.medioambienteysalud.com, coa finalidade de contribuir a sentar as bases do desenvolvemento

sostible futuro de Galicia. Cabe destacar que esta iniciativa contou ata o momento co valioso apoio, colaboración e participación activa de institucións re-

levantes a nivel internacional (OMS, UE, SPSA, etc.) nacional (Ministerio de Sanidad, Ministerio de Medio Ambiente, INAP, SESA, etc.) e galego (os distintos gobernos da Xunta de Galicia, as tres universidades galegas, as catro deputacións, 260 concellos galegos, etc.), ademais de numerosas entidades e empresas relevantes do ámbito nacional e galego.

“Tratáronse temas de actualidade coa finalidade de dar resposta á problemática que hoxe teñen os concellos da comarca da Ulloa e de municipios limítrofes”

“Cabe destacar o poder de convocatoria desta iniciativa, que se converteu en todo un referente da formación ambiental en Galicia nos últimos anos”